

**EXTRACTO ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 8 DE XANEIRO DE 2018.**

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚMS 54/2017 E 55/2017 DE
DATAS 26 DE DECEMBRO DE 2017 E 28 DE DECEMBRO DE
2017.**

Acordouse aprobar as actas das sesións celebradas pola Xunta de
Goberno Local núm. 54/2017 e núm. 55/2017 dos días 26 de decembro
de 2017 e 28 de decembro de 2017.

**2.- EXPEDIENTE 5997/2017. INFORME OU
CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.**

Acordouse conceder autorización para a consulta expediente
expediente de obra 4135/06.

3.- EXPEDIENTE 6044/2017. PROCEDIMIENTO

ADMINISTRATIVO COMÚN (CASCO ZONA RURAL).

Acordouse aprobar as Bases reguladoras da CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS DO CONCURSO DE CARROZAS DA L^a FEIRA DO COCIDO DE LALÍN.

4.- EXPEDIENTE 4729/2017. MODIFICACIÓN OU CESAMENTO DA OCUPACIÓN DE BEN DE DOMINIO PÚBLICO.

Acordouse aprobar o Informe relativo á solicitude de alteración da cualificación xurídica e desafectación do dominio público dun camiño en Lalín de Arriba.

5.- EXPEDIENTE 1602/2017. RECLAMACIÓN A TERCEIROS POR DANOS Á PROPIEDAD MUNICIPAL RD 1/2017.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.224,65 € (IVE incluído) consistente na subministración e instalación dunha marquesiña das características que se indican no seu presuposto nº 17003, de data 11-01-17.

6.- EXPEDIENTE 42/2018. PROCEDEMENTO XENÉRICO ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.

Acordouse aprobar a relación de solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas.

7.- EXPEDIENTE 6077/2017. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO ANTROIDO DA CACHARELA.

Acordouse conceder autorización municipal para a celebración do Entroido da Cacharela.

8.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 37/2018 PROPOSTA DE GASTO.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto de 3.461,08 (IVE incluído) con cargo a aplicación orzamentaria 341.226.09 para a realización da proposta para a realización dos servizos que constan no orzamento.

9.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5977/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para unha persoa solicitante por importe total de 132,33 €.

10.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5958/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para unha persoa solicitante por importe total de 75 €.

11.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5957. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para unha persoa solicitante por importe total de 39,64 €.

12.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5501/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para unha persoa solicitante por

importe total de 268,98 €

13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 12/2018. PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 6.928,69 € (IVE incluído), pola prestación do servizo de subscrición para o ano en curso da base de datos XESTLAW INSIGNIS + Prac. Urb Galicia (2 accesos).

14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 104/2018. DENUNCIA CONVENIO CESIÓN TEMPORAL POR PARTE DO CONCELLO DE LALÍN AO DE VILA DE CRUCES DO LEGADO DE J.D.H.

Acordouse Denunciar o Convenio de data 17 de decembro de 2012, polo que se acordou a cesión temporal por parte do Concello de Lalín ao Concello de Vila de Cruces do legado de J.D.H. para a súa instalación no Museo da Minería de Fontao por un período de 5 anos.

15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 31/2018. ACTUACIÓNS PREPARATORIAS DUN PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 11.931,56 € (IVE incluído), conforme ó presuposto que se achega a esta proposta, imputable á aplicación orzamentaria 338.226.02 do presuposto municipal vixente para actuacións preparatorias dun procedemento de contratación.

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5824/2017. PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL.

Acordouse contratación dun/ha auxiliar administrativo para a Biblioteca municipal de Lalín por un incremento excepcional e temporal da carga de traballo por un espazo de seis meses.

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5755/2017. DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL-PLAN CONCELLOS 2017.

Dáse conta do escrito remitido pola **Deputación de Pontevedra, de data 5 de xaneiro de 2018, número de rexistro de entrada 75**, co que achega resolución presidencial concedendo ó Concello de Lalín unha subvención de 12.999,03 euros con destino ó financiamento do investimento “*Adquisición de diverso material de Seguridade Viaria e Protección do Peón*”.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:05 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.